



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## PROVIDENCIA DE ALCALDÍA Negociado: Contratación. Expte: C08/2019

**D. MARIANO IGLESIAS CASTRO**, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultades que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sobre a base do acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada en data 17 de decembro de 2018, no que se aprobou o proxecto das obras incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co seguinte desglose de financiamento:

DENOMINACIÓN DA OBRA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO TOTAL
CAMIÑO EN MATA (XANCEDA) E OUTROS	40.071,17 €	0 €	40.071,17 €

Visto que o obxecto do presente contrato constitúe un contrato administrativo de obra, de conformidade co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co artigo 28 da LCSP, a presente contratación xustifícase na necesidade de mellorar a capa de rodadura de varios camiños municipais que se atopan moi deteriorados.

Aos efectos previstos no artigo 99.3 da LCSP, a non división en lotes xustifícase en que a división tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato. Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais, e suporía tamén un retraso na adxudicación dos investimentos e, polo tanto, na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división de lotes do proxecto ou prego e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación. Así mesmo, a dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución dos distintos investimentos.

Considerando o procedemento máis idóneo para a presente contratación, polas súas características e a celeridade que demanda, o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, de conformidade co artigo 159 da LCSP, e resultando de aplicación o prego-tipo de cláusulas particulares aprobados pola Deputación Provincial.

Visto que cómpre incoar o expediente para a contratación da obra, é polo que de acordo co artigo 116 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Iniciar o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, da obra denominada "CAMIÑO EN MATA (XANCEDA) E OUTROS", cun importe de CORENTA MIL SETENTA E UN EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (40.071,17 €), desglosado nun valor estimado de TRINTA E TRES MIL CENTO DEZASEIS EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (33.116,67 €), e o imposto sobre o valor engadido de SEIS MIL NOVECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (6.954,50 €).



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

**Segundo.-** Incorporárase ó expediente o prego de cláusulas particulares aprobado pola Deputación Provincial e acta de replanteo. Débese incorporar ó mesmo informe de intervención de fiscalización do gasto e existencia de crédito orzamentario e informe da secretaría do concello.

**Terceiro.-** Evacuados que sexan estes trámites, déaseme conta.

En Mesía, a 22 de maio de 2019.  
O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.